

OS TEXTOS XORNALÍSTICOS.

1.- Os distintos xéneros xornalísticos.

Os textos xornalísticos son aqueles textos os cales difunden información actual ou de interese. As súas características principais son: a súa mensaxe atractiva, que serve para chamar a atención do receptor; e a súa linguaxe accesible e fluída, para que a información poda ser entendida pola maioría das persoas.

Os textos xornalísticos podémolos clasificar en 3 xéneros xornalísticos distintos: o xénero informativo, o de opinión e o xénero interpretativo.

-Xénero informativo: Son aqueles textos que teñen como obxectivo informar sobre a actualidade dunha forma clara, obxectiva e directa. Os principais subxéneros informativos son: a noticia, a reportaxe obxectiva e a enquisa.

---A noticia: é o relato dun acontecemento de actualidade que levanta a interese do público. O xornalista ten a responsabilidade de relatar coa maior obxectividade e veracidade posíbel como se produciron eses acontecementos respondendo ás 6 preguntas básicas: “Que?”, “Quen?”, “Como?”, “Onde?”, “Cando?” e “Por que?”

---A reportaxe obxectiva: é un texto parecido á noticia, so que a reportaxe permite ao periodista ofrecer un maior número de datos complementarios que cando redacta unha noticia na que debe axustarse a os elementos principais, dada a limitación de espazo coa que traballa.

---A enquisa: aínda que sexan opinións das persoas as que se ven reflexas nas enquisas, o traballo do xornalista consiste na recollida de todas esas opinións dunha forma obxectiva, é dicir, sen manipulacións.

-Xénero de opinión: Teñen como finalidade expresar o punto de vista de quen os escribe, que interpreta e comenta a realidade, avalía as circunstancias nas que se produciron os feitos, e expresa xuízos sobre os motivos e sobre as consecuencias que poidan derivarse delas. En ocasións, pode propoñer alternativas para cambiar ou mellorar a situación. Os subxéneros de opinión son: o editorial, o artigo de opinión, e as súas modalidades; o comentario ou a columna, a crítica e as cartas ao director.

---O editorial: O editorial é un artigo de opinión que non vai asinado por ningunha persoa pero que recolle a opinión institucional e colectiva do xornal ou revista. Ese carácter institucional outorga a este tipo de artigos unha gran transcendencia pública. Os lectores poden coñecer a opinión aberta e directa do medio sobre distintos temas de actualidade, así como as súas formulacións ideolóxicas implícitas.

---O artigo: O artigo de opinión ten unha gran presenza na prensa. Neste tipo de artigos emítense opinións concretas suscitadas por un tema de actualidade.

As funcións do artigo son similares ás do editorial. Nel ofrécense valoracións, opinións e análises sobre diversas noticias. A diferenza do editorial, o artigo vai asinado e representa a opinión particular do seu autor. Outra diferenza que debes ter en conta é que os temas tratados nos artigos poden ser moito máis variados debido a que os editoriais só abordan noticias que posúen unha gran relevancia.

---A columna: A columna é un espazo fixo e xornal nun medio. Xeralmente esta a cargo dun xornalista, pero tamén pode ser escrita por un especialista por exemplo ou médico ou un

deportista. Normalmente, ten o obxectivo de mostrar puntos de vista #ante unha noticia e puiden expresar un punto de vista diferente ao editorial.

---A crítica: Cumpre unha labor de interpretación de diversos acontecementos culturais.

A crítica xornalística cumpre tres funcións á vez: informa, orienta e educa aos lectores. A sección cultural e de espectáculos concentra a maior parte das críticas que aparecen no xornal, aínda que dentro desta sección atopamos todos os xéneros xornalísticos: noticias (un exemplo son as recensións culturais), reportaxes, entrevistas, crónicas e tamén críticas.

---A carta ao director: É unha sección tradicional, na que os lectores teñen a posibilidade de opinar libremente sobre calquera materia, formular unha denuncia, criticar ás autoridades, etc. Como se supoñerá, posúe un variado estilo (segundo o emisor) e unha gran brevidade. Só ten como límites a extensión e o respecto ás persoas.

-Xénero interpretativo: Son aqueles nos que, ademais de informar dun suceso ou acontecemento, o xornalista expresa a súa opinión.

A súa fin é relacionar o acontecemento co contexto temporal e espacial no que se produce. No texto interpretativo, ademais da información, ofrécense detalles, relaciónanse uns datos con outros, avánzanse hipóteses explicativas, fanse proxeccións de consecuencias futuras, etc. O autor aparece de forma máis ou menos explícita como testemuña cualificada dos feitos que relata. Este xénero foise incorporado polo xornalismo moderno para contrarrestar a influencia doutros medios de comunicación.

Os subxéneros interpretativos son: a reportaxe interpretativa, a entrevista e a crónica.

---A entrevista: A entrevista é un xénero que está moi presente hoxe en día na prensa.

Tanto os xornais como os semanarios ou outro tipo de revistas dedican moitas das súas páxinas para ofrecer aos seus lectores entrevistas con aqueles personaxes públicos que se consideran relevantes. Existen distintos tipos de entrevistas, pero a entrevista xornalística por excelencia é a que se coñece como entrevista de personalidade. O xornalista, neste caso, trata de recoller con veracidade a personalidade do personaxe entrevistado.

Comparte cos seus lectores aqueles elementos máis significativos da conversación que mantivo con ese personaxe.

---A crónica: Consideramos crónica a narración dunha noticia na que se incorporan certos elementos de valoración e interpretativos, que ten sempre una certa continuidade. As características deste subxénero son:

-Certa familiaridade entre o cronista e o lector.

-O estilo da crónica é obxectivo

-Na prensa atopamos distintos tipos de crónicas e todas elas reúnen as características citadas diferenciándose polos temas que tratan

xéneros:<https://www.portaleducativo.net/septimo-basico/318/Generos-periodisticos-cronica-noticia-reportaje-entrevista>

definición:https://www.ecured.cu/Texto_period%C3%ADstico

2. Diferentes xéneros xornalísticos.

- Unha noticia:

<https://www.xornalgalego.com/as-agresions-mtuas-en-parella-son-violencia-de-xenero/>

Nesta noticia fálase das agresións mutuas de parella, que son violencias de xénero visibles e explícitas. Conta as diferentes opcións que baralla a xustiza e o castigo que se podería levar a cabo.

- Unha reportaxe:

<https://www.xornalgalego.com/reportaxe-a-manada-feitos-sentenza-reaccions/>

Nesta reportaxe nárرانse os feitos dun abuso sexual dende o punto de vista de dous xuíces. Tamén se conta, entre outras cousas, a sentenza a través da xurista Marisa Soletto, as reaccións á sentenza e a repercusión internacional que tivo este feito.

Os abusos sexuais tamén son unha violencia visible e explícita, ao igual que as agresións físicas.

-Un artigo de opinión:

<https://www.elmundo.es/sociedad/2015/11/07/563b7286268e3ee7168b45e7.html>

Neste artigo de opinión podemos observar como Juanma Jimmenez opina acerca dos micromachismos situados na base do iceberg. Juanma, tamén nos explica tanto as razóns e consecuencias, como o que hai que facer para revertir a situación.

-Unha entrevista:

<https://www.gob.mx/conavim/es/articulos/entrevista-sexismo-en-los-medios-de-comunicacion-que-es-y-como-afecta-a-las-mujeres?idiom=es>

Nesta entrevista podemos ver como o coordinador de monitoreo do Observatorio pola igualdade de xénero explica por qué é importante erradicar o sexismo nos medios e como podemos crear contido máis inclusivo en favor das mulleres e dos seus dereitos.

3.Ánalise do trato sobre os micromachismos

Os micromachismos son dos problemas que menos se falan nos medios de comunicación tanto prensa como televisión non se ven ningún tipo de noticia na cal se denunciaren estas accións que desencadeadas a partir das bases patriarcais da sociedade, os medios só publican e denuncian noticias nas cales as inxustizas son muy visibéis como asasinatos, violacións e manifestacións; o cal non creemos que este mal pero si que pola outra parte lle daríamos moita máis importancia a os casos de micromachismos aínda que "vendan" menos, consideramos que hai que visibilizar isto posto que si o erradicásemos dende un inicio moitos asasinatos e moitas violacións se poderían haber evitado.

Entendemos que os xornais coñecen ben casos de micromachismos só que non se publican porque non vende o mesmo "Un xogador de fútbol dalle a man a un árbitro e dous bicos a unha árbitra" que "Un xogador de fútbol viola e descuartiza a unha muller" buscan o título máis bárbaro posibel para que a xente entre ou se quede pegada ao sofá vendo a noticia, buscan os títulos máis elaborados e emotivos para gañar cartos, prensa sensacionalista, pero olvidanse de falar dos problemas básicos que provocan estas desgracias.

Ao fin e ao cabo a xente aprende do que ve, do que lee, do que escuita; sendo un medio de comunicación tes o poder de cambiar a mentalidade de certas persoas pero actualmente os medios desaproveitan esta cualidade utilízanse a si mesmos para xerar visitas para ter máis audiencia o que mostra unha proba máis de que o machismo esta enlazado co capitalismo.

Poderían usar o seu poder comunicativo para ser mestres, ensinar que accións da vida cotiá non son igualitarios e transmitir a mensaxe de evitar certos actos, moldear a poboación en base ao que é lícito e procura un futuro igualitario pero en lugar diso falan de mulleres que morren a mans de asasinios con cifras, sen nomes, como se so foran eso números e cantas máis cifras poñan máis se aseguran eles de ter tamen cifras altas ao final de mes.